

DÍGOCHO XAN, ENTÉNDEMO PEDRO. OS ANTROPÓNIMOS NA FRASEOLOXÍA GALEGA

Patricia Buján Otero

O obxectivo do presente traballo foi analiza-las orixes e as funcións que os antropónimos desempeñan na fraseoloxía galega, e a medida na que o seu significado contribúe ó significado fraseolóxico. Para facer este estudo, elaborei un corpus con tódalas unidades fraseolóxicas (a seguir, UF) con compoñentes antropónomásticos¹ contidas na base de datos do proxecto *Diccionario de fraseoloxía galega* que dirixe Xesús Ferro Ruibal no Centro de Investigacións Ramón Piñeiro e no cal participei como investigadora do ano 2000 ó 2002.

1. Concepto de nome propio

Os nomes propios son palabras ou expresións que identifican persoas, lugares ou cousas concretas, dándolle un carácter individual dentro do colectivo ó que pertencen; cada nome establece unha relación fixa a un único referente, independentemente da situación.

Na Idade Antiga dábase especial importancia ó significado dos antropónimos e existía a crenza de que estes encerraban unha forma de ve-la vida, un desexo ou un destino; por iso afirmaban *Nomen, omen*, é dicir, 'un nome é unha profecía'. Aínda que as razóns poidan ser outras, esa relevancia que antano se lle daba ó feito de pór un nome segue viva hoxe en día en moitas culturas. Na fraseoloxía galega contamos mesmo con reflexións sobre o valor e fianza dos nomes: *Quen fla do nome, non sabe do home; Pouco gana o home que fla no nome; Non hai millor home que o que responde ó nome; Non hai home sin nome nin nome sin renome...*

2. Concepto de fraseoloxismo onomástico

A seguir empregarei o termo *fraseoloxismo onomástico*, entendendo por tal aquela UF que posúe un elemento onomástico, sexa antropónimo, topónimo ou outro.

Patricia Buján Otero

Podería discutirse aquí se para considerar la UF como onomástica sería preciso que el nombre constituyese el elemento principal de la unidad. Como el obxectivo deste traballo é estuda-lo papel que os nomes desempeñan na fraseoloxía, aplicarei a definición más ampla. Por paralelismo, chámase *UFs antropónomásticas* os fraseoloxismos que conteñen un nome propio de persoa².

3. Valor e orixe das unidades antropónomásticas

Comentei antes que os nomes propios cumplen la función de distinguir un suxeito de forma individual. Así e todo, atendendo á orixe e á función dos antropónimos nas UFs, apréciase un dualismo que permite diferenciar entre unidades determinadas e indeterminadas (Földes 1989:127-128). Nas primeiras, o elemento onomástico fai referencia a unha categoría concreta da lingua, real ou ficticia, por exemplo a personaxes bíblicos como *máis vello que a bragueta de Adán*, ou a personaxes históricos como *dous tempos de María Castaño*. No segundo tipo, pola contra, non se establece relación clara ningunha entre o nome e un referente concreto, e o primeiro representa unha realidade abstracta, ligada case sempre a significacións simbólicas (*ser un Xanciño; Dígocho Xan, enténdemo Pedro...*). O inserir un nome nunha UF, fica en primeiro plano o significado fraseolóxico da unidad e as funcións principais de concretización e individualización do nome pasan a un segundo termo. Földes denomina este cambio semántico *fraseoloxización dos nomes* (1989:131); máis adiante veremos cales son os principais factores que favorecen este proceso.

No tocante ás orixes dos antropónimos presentes nas unidades fraseológicas, destácanse os seguintes grupos:

- a) Nomes de santos
- b) Nomes proverbiais
- c) Nomes de personaxes históricos
- d) Nomes de personaxes bíblicos
- e) Nomes de personaxes reais
- f) Nomes de personaxes literarios
- g) Nomes ficticios.
- h) Nomes da mitoloxía
- i) Nomes tomados doutras lingua

Non sempre é posible saber de onde provén unha determinada UF nin que motiva a presenza do nome na unidad, xa que a miúdo descobrecémo-la orixe das propias UFs. Para cofiecela sería preciso botar man das investigacións doutras disciplinas, como a antropoloxía, a etnoloxía, a historia, a lingüística, etc., ou aplicar unha perspectiva diacrónica que, no caso do galego, resulta difícil, por non dicir imposible, debido á falta de compendios fraseológicos nas diferentes idades da lingua.

Digocho Xan, enténdemo Pedro. Os antropónimos na fraseoloxía galega

A continuación irei tratando máis en detalle cada un dos grupos arriba sinalados. Non falarei aquí nin dos referentes á mitoloxía, xa que non rexistrei ningún, nin dos nomes tomados doutras linguas (por calco ou adaptación), pois isto requiriría entrar en cuestións de interferencia lingüística (nomeadamente interferencia do castelán) que excederían o ámbito desta análise.

a) Nomes de santos

Os santos³ fan dúas achegas fundamentais á fraseoloxía: por unha banda, serven para marca-lo transcorrer do tempo así como datas importantes na vida da sociedade (neste sentido gardan estreita relación coas romarfás, coas predicións meteorolóxicas e cos labores agrícolas relativos a cada época do ano); pola outra, faise referencia a aspectos da súa vida, milagres, iconografía, etc. Por exemplo, a locución adverbial *Cando san Xoán baixe o dedo*, que se emprega para expresar unha futuridade imposible, está motivada pola frecuente maneira de representar a san Xoán co dedo índice erguido en sinal da súa misión de anunciador. Estes aspectos das calidades dos santos tamén dan orixe a outras curiosas comparacións: *andar arredor como san Salvador; ser como san Benedicto, que non come nin bebe e anda gordito; ser como Santiago para os mouros; ver e crer como santo Tomé*.

Interesantes son tamén os refráns relativos á meteoroloxía nos que se humanizan os santos, por exemplo, *Cando o Santiago non mexa, santa Ana levanta a saia*, e *Cando a Candeloria chora, metá do inverno vai fóra*. Contamos aquí cunha metáfora clara: *chorar, levanta-la saia e mexar* refírense á chuvia.

b) Nomes proverbiais

Xa que con frecuencia carecemos de información sobre a orixe dos fraseoloxismos e non sabemos se o nome é determinante ou indeterminante, resulta difícil distinguir entre nomes proverbiais, nomes de personaxes históricos e de personaxes literarios, e moi especialmente cando nos movemos no ámbito da literatura popular de tradición oral. Un destes casos é o de Marfa Mantela, a quen lle puxeron o epitafio *Eiquí xaz Marfa Mantela cos seus fillos redor dela*, personaxe lendaria posiblemente baseado nunha muller real.

c) Nomes de personaxes históricos

Entre os personaxes históricos presentes na fraseoloxía galega destacan Marfa Castaña e Xan de Outeiro. Esta heroína luguesa asóciase sempre a un pasado distante e falamos *dos tempos de Marfa Castaña* e mais dos *contos de Marfa Castaña*. Sobre a paciencia do lonxevo Xan de Outeiro dan conta numerosas variantes da forma *Hai que ter paciencia que tamén a tivo Xan de Outeiro*, quen mesmo é amentado para expresar desconformidade: *¡Tócalle a gaita a Xan de Outeiro!* Outros personaxes históricos que agroman pola nosa fraseoloxía son Colón (*A Castela e a León, novo*

Patricia Buján Otero

mundo don Colón), Franco (*mandar como Franco en España*), e Alfonso XII ou Alfonso XIII. Este último fica gardado na paremia *A cara de Alfonso todo tapa*, refrán cun claro fundamento metonímico: *a cara de Alfonso* é a moeda que circulaba a finais do século XIX e comezos do XX; alude polo tanto ó tópico da adulación ó difeiro⁴. Outro dito con alusións históricas que tamén serve para expresar un tempo remoto é *Cando Marla pariu a Fernando*, no que posiblemente se aluda a Fernando I de Borbón (1751-1825), fillo de Marla Amalia de Saxonía.

d) Nomes de personaxes bíblicos

Dentro dos personaxes bíblicos fraseoloxizados destacan sete: Adán, Matusalén, Salomón, Sansón, Xob, Xonás e Xudas. En realidade, son personaxes presentes nas fraseoloxías de moitas linguas da Europa occidental debido á común tradición cristiá, polo que as propiedades dos personaxes coinciden: Xob como home paciente, Matusalén como o home máis lonxevo da Biblia, Adán como o primeiro home (tamén con referencias ó pecado orixinal). Repárese a seguir en que estes nomes orixinan, sobre todo, comparacións estereotipadas:

- Adán. Ó igual que María Castafía, Adán serve para aludir ó pasado, sobre todo en comparacións como *Máis vello cá bragueta de Adán* e *Vello coma a potra de Adán*. Rexístranse tamén paremias e ditos que falan da súa vida: *espido coma noso pai Adán*, *O bocado de Adán o mundo puxo en afán*, algúns con moita graza: *Dos homes que coñecín, só Adán tivo xuizo: casou con muller sen nai e viviu no paralso*. Outro Adán do refraneiro galego é o Adán inútil dos sete oficios: *Sete oficios ten Adán e de ningún gana pan* (con variantes); o máis probable é que non garde relación co Adán bíblico e que a súa presenza responda unicamente á rima, xa que outras variantes falan de Bastián (*Sete oficios ten Bastián e con ningún gaña pan, outros tantos ten Valente e aos dous folla-galle-lo dente*) e de Xoán (*Moitos oficios ten Xan e de ningún gaña pan*⁵).
- Matusalén. A lonxevidade de Matusalén constitúe un referente para moitas culturas; deste xeito non só se di en galego *vello coma Matusalén*, senón tamén en alemán (*alt wie Methusalem*), en castelán (*viejo como Matusalén*), en francés (*vieux comme Mathusalem*), e en inglés (*old as Methuselah*) entre outras⁶.
- Salomón. Símbolo do home sabio por excelencia, tamén aparece en fórmulas galegas: *Otr, ver e chatón, que máis soubo Salomón*; *Dixo Salomón que o gran viño alegra o corazón*.
- Sansón. *Aquí morreu Sansón con tódolos filisteos* expresa obstinación.
- Xonás. Outro personaxe bíblico que só fai aparición nunha UF na nosa lingua é Xonás: *Anda con tento que anda Xonás dentro* é unha expresión que se emprega para recomendar precaución e que seguramente alude ó Xonás do Antigo Testamento que pasou tres días e tres noites dentro do ventre dunha balea (ou dun dragón).

Digocho Xan, enténdemo Pedro. Os antropónimos na fraseoloxía galega

- Xudas. Sempre se trata do Xudas Iscariote que traizou a Xesús segundo o Novo Testamento: *Onde Xudas perdeu as sandalias, falso coma Xudas, traidor coma Xudas*⁷.

e) Nomes de personaxes reais

Adoitan referirse co seu nome de pía seguido do topónimo do lugar de orixe, por exemplo, Chinto de Milleirós (*Despois de Dios, o Chinto de Milleirós*), Sabela do Pereiro (*Andar coma a Sabela do Pereiro, sen creto e sen diñeiro*), Carrapito de Vilachá e Pepe Benito de Lugo (*Viva Vilachá! Eu son Carrapito de Vilachá. Se lle cómpre algo pra Pepe Benito de Lugo...*), Pepe da Estrada (*O Pepe da Estrada está como estaba*), Bagarelas de Camba e Xusto de Tamallancos (*Dios nos libre de tratos e contratos co Bagarelas de Camba e co Xusto de Tamallancos*), etc. Quedaron fixados na fraseoloxía por algúna anécdota curiosa da súa vida, aínda que tamén é posible que tefian a súa orixe en contos populares perdidos. Un destes casos podería se-lo Tomé que di aquele de *O bo pleiteante, dixo Tomé, boca cerrada, bulsa aberta e listo do pé*. Esta forma conta tamén cunha variante na que se santifica o locutor: *O bo preiteante, dixo san Tomé, boca pechada, bulsa aberta e listo de pé*, o que tamén nos fai pensar que esta frase proverbial estea motivada unicamente pola rima *Tomé - pé*. Da mesma maneira, non obstante, presenta dúbidas o feito de que tamén tería sido posible establecela con *Xosé*.

Outros personaxes que pululan pola lingua son Xan da Riola e Xan do Convento⁸ ós que se alude na fórmula *Falda fóra, Xan da Riola; métea dentro, Xan do Convento*, que se emprega para chamarlle a atención ós que por descoido levan a camisa por fóra do pantalón. Esta expresión conta con variantes como *No mes de outono, Xan de Rola anda ca camisa fóra; en san Martiño, Xan do Convento métea dentro e Camisa fóra, Xan da Biola; camisa dentro, Xan do Convento*.

f) Nomes de personaxes literarios

Cando falamos de nomes que teñen a súa orixe na literatura, cómpre distinguirmos entre literatura popular de tradición oral e literatura de autor. As suposicións que presente neste eido sempre se farán con moita precaución, pois a miúdo personaxes da tradición oral constitúron o xerme de protagonistas de obras literarias. Un destes casos discutidos é o mito de don Juan, un europeísmo para o que distintas linguas adoitan conserva-la forma castelá (en galego mesmo dicimos *ser un don Juan*). Don Juan pode te-la súa orixe nun personaxe da tradición oral, aínda que sen dúbida hoxe en día os falantes só recofiecen como único referente o don Juan literario⁹. Formas más galegas de don Juan son *Xan das mozas e Xan por entre elas*¹⁰.

Unha vez mencionado este caso tirado da literatura de autor, cómpre achegar algún exemplo tomado da literatura popular. Un dos más comúns é quizais aquel conto do galego e do portugués que querían pasa-la fronteira, e que popularizou a frase proverbial *Xiquera chdmome Pedro*, que se usa «para nega-los feitos ou opinións

Patricia Buján Otero

que nos imputan por temor a prexuzos ou para indicar por modestia ou retranca a pouca consideración que un merece» (Ferro 1992:428).

g) Nomes ficticios

O recurso máis habitual para a creación de nomes inventados consiste en facer preceder un adjetivo ou substantivo dunha forma de tratamento como *don / dona*¹¹. A maioría presenta un matiz humorístico e de crítica, como *don Comodón* e *don Naide* ou *don Ninguén*. Velaquí algúns máis: *Poderoso cabaleiro don Diñeiro*, *Don Diñeiro é gran cabaleiro*, *Don Seguro morreu vello*, *Non hai voda sin dona Toda*.

Dentro deste grupo tamén se poden incluír alcumes e apelidos que constitúen locucións nominais e que se empregan para destacar de forma cómica os defectos ou calidades negativas dunha persoa, por exemplo, *Marla vai coas outras* designa a muller sen vontade propia que sempre se guisa polo que os outros lle din; *Marla a Quente* díselle a unha muller que non ten frío nunha situación que supostamente debería causarollo; *ser un Xan de debaixo da cama* dise das persoas boas que carecen de vontade propia, etc.

4. Factores de fraseoloxización

Como factores que favorecen a fraseoloxización dos nomes propios, Wilske (1992:193) sinala os seguintes: grao de coñecemento do referente, frecuencia de uso do nome propio, factor fonético e aspecto de xogo coas palabras.

A maioría destes factores foron xa aparecendo ó longo das liñas anteriores a medida que íamos vendo os distintos grupos de nomes. Con respecto ó factor fónico, baste recorda-las variantes con Adán, Bastián e Xoán que comentei dentro do apartado dedicado a Adán nos nomes bíblicos; tamén dentro desa sección demos conta da importancia do grao de coñecemento do referente: os personaxes da Biblia seguen vivos nas fraseoloxías das distintas comunidades lingüísticas da Europa con tradición cristiá. Os outros factores irán aparecendo tamén nos seguintes apartados, nos que me centrarei nas características más frecuentes no ámbito semántico e fónico. Dentro das propiedades semánticas dos nomes nas UFs do corpus galego, cómpre salientar dous aspectos: simboloxía e eufemismo. No tocante ós xogos de palabras destaca a rima. A este respecto presento aquí só algúns apuntamentos; o tema merece sen dúbida un tratamento máis fondo nun traballo doutras dimensións.

5. Aspectos semánticos

5.1. Simboloxía

A fraseoloxía, pola súa capacidade de aglutinar elementos culturais, pode a chegar interesantes aspectos ó estudo dos significados simbólicos latentes nunha lingua e nunha cultura; neste sentido Piirainen (1998:210) indica:

Digocho Xan, enténdemo Pedro. Os antropónimos na fraseoloxía galega

daß Phraseologismen als vorgeformte, festgeprägte sprachliche Entitäten in besonderem Maß dazu geeignet sind, bestimmte konzeptuelle Strukturen zu tradieren, und daß sie genügend Material bereitstellen, um die wichtigsten Funktionen eines Symbols erfassen zu können¹².

Non existe unha noción universal e interdisciplinaria do que é un símbolo. Neste traballo dou preferencia ó concepto de símbolo aplicado ós sistemas de signos, nomeadamente á lingua. É preciso aquí facer unha diferenciación entre símbolo lingüístico e símbolo cultural. Dende a perspectiva sincrónica, os símbolos lingüísticos (é dicir, os símbolos materializados na lingua) non sempre coinciden cos símbolos presentes noutros sistemas semióticos de fundamento cultural (relixión, fábulas, supersticións, etc.); isto débese sobre todo a que símbolos culturais que nun tempo quedaron fixados na lingua, foron paulatinamente desaparecendo na cultura pero perviviron na lingua. Por *símbolo lingüístico* enténdese:

Das Sprachsymbol wurde oben (...) als ein Element des primären Zeichensystems (z.B. ein Wort der natürlichen Sprache) expliziert, das in der primären Leseart auf eine dingliche Entität verweist, auf der anderen Seite als bereits semiotisierte Einheit in bestimmten Kontexten eine sekundäre («symbolische») Funktion erhält. (Dobrovolskij e Piirainen 1997:69)¹³

Unha vez visto o concepto de símbolo lingüístico, entrarei agora a tratar brevemente a cuestión dos valores simbólicos dos antropónimos nos refráns, entre os que destaca os seguintes: *Marla, Xan, Pepe, Sabela e Pedro*.

Os dous primeiros antropónimos, *Marla* e *Xan*, adoitan referir a 'calquera muller' e 'calquera home' respectivamente. A súa frecuencia na fraseoloxía está ligada a un dos factores antes mencionados dentro do apartado «Factores de fraseoloxización»: a frecuencia de uso. Así, segundo o estudo recollido polo *Diccionario dos nomes galegos*¹⁴ (1992:41-44), o nome de *Marla* ocupa o primeiro lugar entre os nomes de mulleres más frecuentes; entre os de homes, *Xoán* ocupa o quinto posto.

Encontramos *Marla* con este significado (tamén é frecuente a variante *Marica*), en refráns como *Non hai sábado sen sol nin Marla sen amor*; *Non hai santo sin san nin Marla sin Xoán*; *Sábado á noite, Marica colle a roca; Tarde piou, Marica non chores*.

A propósito de *Xan*, E. Rivas Quintas recolle no *Frampas I* o seguinte: «*m Juan. Es un nombre muy socorrido en el folklore regional*». A *Xan* atribúenselle varias calidades, entre outras a folgazanería e a falta de personalidade: *Alábatte, Xan, que se ti non te alabas, non te alabarán*; *As contas de Xan non son como as fan*; *Cásate, Xan, que Deus dará pan*.

Pepe, hipocorístico de *Xosé*, está ligado á boa vida e á fartura, especialmente en comparacións do tipo *comer coma un Pepe, durmir coma un Pepe, quedar coma un Pepe*, etc.

Como puidemos ver nos exemplos ata agora expostos, a maioría das UFAs antropónomásticas posúen unha forte carga de humor, burla e ironía. Aínda que non ana-

Patricia Buján Otero

lincei o corpus de forma cuantitativa, a súa observación revela unha presenza maioritaria dos significados negativos aplicados ós seres humanos. Esta predominancia das valoracións negativas na fraseoloxía, determinada por factores extralingüísticos¹⁵, queda rexistrada en moitas linguas¹⁶ polo que, conformes con Dobrovolskij, podemos afirmar que constitúe un universal fraseolóxico de tipo semántico-conceptual. Por exemplo, *Tan bo é Xan coma seu irmán ou Tanto ten Xan coma Perillán* iguala dous termos no negativo, sempre un ou outro han ser ruíns; nunca se aplica este dito a calidades positivas.

5.2. Eufemismos

Non chama-las cousas polo seu nome é unha forma coloquial de defini-lo concepto de eufemismo. Para isto contamos en galego con numerosas creacións onomásticas de base eufemística. Dentro do eufemismo cómpre distinguir dous tipos segundo a función: por unha banda, os que agochan tabús de tipo social ou relixioso que, de seren referidos de forma directa, poderían feri-la sensibilidade do oyente ou lector; e, por outra banda, os que se sustentan en supersticións máxico-relixiosas¹⁷.

Con todo, no primeiro caso a función eufemística de decoro acaba derivando noutra función, na función cómica. Por exemplo, para decir «masturbarse» contamos con *facer a Manuela / unha Manuela / a tla Manuela e traballar moito con Manuela Pereira*, variantes todas que se basean nunha semellanza fónica coa locución verbal *facer unha manola*. Tamén son frecuentes os ditos nos que se alude á menstruación: *Virlle o Jaime a alguén, Vi-la tla Marla*.

Con respecto ó segundo grupo, ás supersticións, o procedemento máis frecuente é o da antonomasia por personificación, é dicir, darles nomes de persoas a entidades que provocan medo, como por exemplo, ó demo ou a certos animais salvaxes. Así o lobo recibe nomes como *O Pedro das Artes, O Tlo Pérez, Xan das Mañas, O Tlo Pepe* e incluso a forma de respecto *Don Pedro*. As tres primeiras locucións tamén poden nomea-lo raposo, quen non obstante conta cunha maior variedade de formas: *Pedro Arteiro, Pedro das Galiñas, Perico Ladrón e Marla das Mañas* (para referirse á raposa). Son nomes que con frecuencia recibimos a través da literatura de tradición oral, en contos populares introducidos por fórmulas como *Daquela, inda os animais falaban ou Aló en tempos pasados, cando falaban todas as cousas*¹⁸.

Tamén o demo recibe este tipo de nomes: *O Pedro das Artes* (en Betanzos) e *Pedro Botello* (*a caldeira de Pedro Botello* é o inferno, e a paremia *Fai coma as ovellas de Pedro Botello, que van tarde e volven cedo* alude ós que caen no vicio da folgazanería).

6. Aspectos de xogo fónico: a rima

Comentamos antes que a rima é un dos principais factores de fraseoloxización dos nomes. No galego isto afecta sobre todo ós nomes de santos e ós nomes proverbiais. Deste xeito, escóllese Andrés porque rima con *ves* (*Por san Andrés, chuvia unha sola ves*), Lucas con *cucas* e *huchas* (*Lucas, ¿por que non cucas? Porque non teño diñeis*).

Digocho Xan, enténdemo Pedro. Os antropónimos na fraseoloxía galega

ro nas buchas), Luís con dis (Luís, Luís, unhas fas e outras dis); Sabela con ela (Casaron a Xan con Sabela; se ruín é el, peor é ela). Algunhas rimas chegan mesmo a infrinxi-la regras gramaticais: Pregúntalle a Mateu que minte coma eu.

A rima constitúe con frecuencia un elemento fundamental nas paremias. Estes fraseoloxismos adoitan posuér formar bimembre, por exemplo, de subordinada seguida de coordinada, ou dous elementos coordinados, ou tamén é común que se rompa a orde sintáctica habitual e o complemento circunstancial pase a primeiro termo. Nestes casos a rima establecése entre os últimos termos de cada un dos membros, así por exemplo, *O que debe a Xan e paga a Andrés, ten que pagar outra vez, e Por san Agustín andan as noces no rolín*.

7. Conclusións

A presenza da onomástica no sistema fraseolóxico está rexistrada en moitas linguas; podemos considerar que isto constitúe un universal fraseolóxico propiamente dito, entendendo por tal un feito que responde a factores fundamentalmente lingüísticos e que constitúe un aspecto exclusivo da fraseoloxía¹⁹.

Dunha maneira intuitiva, pódese esperar que as unidades aquí estudiadas presenten unha forte carga de idiosincrasia, cuestión que deixarei para unha análise posterior. Sinalarei aquí unicamente que hai dúas formas de avaliar la especificidade cultural: dende a perspectiva contrastiva ou dende a introspectiva. A perspectiva contrastiva requirírse da comparación con sistemas fraseolóxicos doutras linguas. O punto de vista introspectivo responde á avaliação que os propios falantes fan das súas UFs, se as senten como propias e pensan que non son possibles en ningunha outra lingua. Entrarían aquí aspectos da psicolingüística, disciplina que pode facer grandes atribucións á fraseoloxía (representacións mentais, motivación), e mesmo da sociolingüística; seguramente un falante galego diría que son propias e exclusivas da súa lingua formas como *dos tempos de Marla Castaña*, e especialmente as fórmulas nas que se alude a santos galegos, como santa Mariña («Pola santa Mariña bdixame a porretiña», dixo a cebola) e san Toutelo (Can de rabia: san Quintín, san Toutelo t'a parte de min), ou tamén a romanzas como *A san Andrés de Teixido vai de morto quen non foi de vivo e No camiño de San Campio tanto anda o coxo como o tranco*.

O estudo dos nomes nos fraseoloxismos galegos é un ámbito extenso que requiere un enfoque multidisciplinario e que poderá facer grandes achegas, non só ó estudo da lingua, senón sobre todo ó estudo dos elementos que definiron e mesmo inda definen a cultura galega.

Patricia Buján Otero

BIBLIOGRAFÍA

- Burger, Harald (1996): *Phraseologie: eine Einführung am Beispiel des deutschen*. Berlin: Schmidt.
- Chevalier, Jean; Gheerbrant, Alain (1982): *Dicionário dos símbolos*. Lisboa: Theorema. Traducción ó español de Cristina Rodriguez e Artur Guerra.
- Corpas Pastor, Gloria (1996): *Manual de fraseología española*. Madrid: Gredos.
- Corpas Pastor, Gloria (2000): «Acerca de la (in)traducibilidad de la fraseología», en *Las lenguas de Europa: estudios de fraseología, fraseografía y traducción*. Corpus (ed.). Granada: Comares. 483-522.
- Dobrovolskij, Dimitri (1988): *Phraseologie als Objekt der Universalienforschung*. Leipzig: Verlag Enzyklopädie.
- Dobrovolskij, Dimitri; Piirainen, Elisabeth (1997): *Symbole in Sprache und Kultur: Studien zur Phraseologie aus kulturreziotischer Perspektive*. Bochum: Brockmeyer.
- Dobrovolskij, Dimitri (2001): «La especificidad nacional y cultural en fraseología», en *Trabajos de lexicografía y fraseología contrastivas*. Pamies e Luque (eds.). Granada: Departamento de Lingüística General y Teoría de la Literatura de la Universidad de Granada. 63-77.
- Ferro Ruibal, Xesús (dir.) et al. (1992): *Diccionario dos nomes galegos*. Vigo: Ir Indo.
- Fleischer, Wolfgang (1997): *Phraseologie der deutschen Sprache*. Tübingen: Max Niemeyer.
- Földes, Csaba (1989): «Onymische Phraseologismen als Objekt des Sprachvergleichs», en *Europhras 88. Phraséologie Contrastive. Actes du Colloque International Lingental - Strasbourg 12-16 mai 1988*. Gréciano (ed.). Strasbourg: Univ. des Sciences Humaines, Dep. d'Etudes Allemandes. 127-140.
- Piirainen, Elisabeth (1998): «Phraseologie und Symbolik», en *Phraseologismen in Text und Kontext. Phrasemata I*. Witter (ed.). Bielefeld: Aisthesis. 209-227.
- Santamarina, Antón (dir.) (2001): *Diccionario de diccionarios*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- Wilske, Detlef (1992): «Zur Rolle der Eigennamen bei der Bildung von onymischen Phraseologismen», en *Untersuchungen zur Phraseologie des Deutschen und anderer Sprachen: einzelsprachlich – kontrastiv – vergleichend; internationale Tagung in Turku 6.-7.9.1991*. Korhonen (ed.). Wien: Lang. 189-198.

Digocho Xan, enténdemo Pedro. Os antropónimos na fraseoloxía galega

NOTAS

1. O corpus elaborado para este relatorio contén 6.356 unidades con elementos antroponomásticos, incluídas variantes e coincidencias localizadas en distintos puntos de Galicia. Nas formas que neste relatorio se recollen conserváronse os trazos dialectais dos informantes.
2. Tradicionalmente, nos estudos teóricos sobre fraseoloxía que xorden no ámbito centroeuropeo e soviético, adoita aplicarse un concepto más restrinxido de fraseoloxismo onomástico: só teñen esta categoría as unidades que no seu conxunto funcionan como nomes propios, por exemplo *Cruz Vermella* e *A casa branca* (Burger 1998:46). Esta cuestión suscita verdadeiras discusións sobre a súa pertenza ó sistema fraseolóxico; un feito que para algúns autores impide dicir que estas unidades son fraseolóxicas é que cumplen unha función case exclusivamente identificativa. Cfr. tamén Fleischer 1997:74-76.
3. Sobre esta cuestión vid. Ferro 1992:47-78.
4. Cfr. *Burro cargado de ouro consigue todo; Cando o dñeiro fala, todos calan; Mais vale o din que o don...*
5. Cfr. *Moitos oficios ten Xan Pericón, moitos oficios e ningún é bon.*
6. Esta forma constitúe pois un europeísmo cultural, atendendo á distinción de Morvay (Morvay 1996 apud Corpas 2000:487-488): «Estos europeísmos se caracterizan por compartir un origen común, ya sea como unidades genéticamente independientes (europeísmos naturales), surgidas “como producto de la observación del mundo que los rodea”; o genéticamente dependientes (europeísmos culturales), por cuanto proceden “de fuentes comunes de la cultura europea”». Entre estas fontes, Corpas destaca a Biblia, a literatura clásica grecolatina, os textos latinos medievais, os repertorios de paremias traducidos ás lingua vernáculas e a literatura e folclore populares.
7. Xudas Tadeu tamén ten a súa presenza na fraseoloxía galega, pero relacionado case exclusivamente cos labores agrícolas propios das datas nas que é festexado (28 de outubro): *Por san Xudas e san Simón, collida-las uvas son; Día de san Simón e san Xudas, ergue os teus bois e suca*, etc.
8. Segundo o informante, *Xan da Riola* e *Xan do Convento* son dous personaxes reais. *Riola* é o mote dunha familia determinada, e *Convento* é o nome vulgar co que se designa a parroquia de San Salvador de Asma en Chantada (*Refraneiro popular de Carballido*, de Nicanor Rielo Carballo, publicado na RDTP XXVIII, 1972).
9. Vid. *La Leyenda de Don Juan: Orígenes poéticos de El Burlador de Sevilla y Convidado de Piedra* de V. Said Armesto (1946 [1908], Buenos Aires: Espasa-Calpe).
10. O cantoneiro fálanos así deste Xan: *Xanciño entre-elas, o amigo das nenas, / tanto lles quer, / que se morre por elas; Xan por entre elas, / amigo das nenas, / tanto lles*

Patricia Buján Otero

quer / que morre por elas; Xanporenrelas é tan peneirero, que baila na punta dun agulleiro (ou pandeiro).

11. Esta forma de tratamento pode ter tamén un matiz ridiculizante, como no seguinte refrán no que se critica a soberbia dos emigrantes retornados con fortuna: *Farruco foi á América; cando veu era don Francisco.*
12. [Piirainen indica] Que os fraseoloxismos, como entidades lingüísticas fixas e estables, posúen unha capacidade especial para transmitir determinadas estruturas conceptuais e posien á nosa disposición material suficiente co que estuda-las principais funcións dun símbolo. [A tradución é miña]
13. Máis arriba sinalouse que o símbolo lingüístico é un elemento do sistema de signos primario (por exemplo unha verba dunha lingua natural) que no seu significado primario fai referencia a unha entidade concreta, mais que, como unidade xa semiotizada, presenta unha función secundaria («simbólica») noutros contextos. [A tradución é miña]
14. O autor do estudo, o profesor Dieter Kremer, indica que se trata dunha análise dos nomes más frecuentes entre unha poboación de 1.843.441 galegos, datos procedentes dun censo realizado posiblemente no ano 1980 e no que non se inclúe unha provincia galega. Tendo en conta estes factores, advírtelo do carácter provisorio dos resultados.
15. Das erklärt sich höchstwahrscheinlich dadurch, dass Menschen gerade bei negativen Erscheinungen eine intensivere emotionale und sprachliche Reaktion entwickeln; mit anderen Worten sind die negativen Situationen anscheinend im allgemeinen subjektiv bedeutsamer als die positiven (Rajchštejn apud Dobrovolskij 1988:41). [Isto explícase con toda probabilidade polo feito de que precisamente ante os fenómenos negativos os seres humanos reaccionan lingüística e emocionalmente dunha forma máis intensa; é dicir, as situacions negativas parecen ter en xeral no nivel subxectivo unha importancia maior cás positivas. (A tradución é miña)]
16. No congreso da Europhras celebrado o ano 1988 en Estrasburgo, Földes presentou un interesante traballo de análise contrastiva dun corpus elaborado con fraseoloxismos onomásticos de diferentes linguas (eslavas, xermánicas, románicas, finougriás e mesmo algunha asiática) no que tamén destaca este carácter (1989:135): «Auf dieser Grundlage kann man in bezug auf ganz unterschiedliche Sprachen konstatieren, dass die onymischen Konstruktionen oft –mit Hilfe ähnlicher phrasologischer Sprachspiele– zum Ausdruck bestimmter negativer Bedeutungsinhalten dienen». [En base a isto, e en referencia a linguas ben diferentes, constátase que as construícóns onomásticas, coa axuda de xogos fraseolóxicos semellantes, contribúen a miúdo a expresar determinados conceptos negativos. (A tradución é miña)]. Entre estes contidos negativos destaca os seguintes: necidade, ineptitude, embriaguez, desputa e violencia física, morte, necesidades biolóxicas e fisiolóxicas, e sexualidade.

Digocho Xan, enténdemo Pedro. Os antropónimos na fraseoloxía galega

17. Vid. *El Eufemismo en Galicia* de E. Montero Cartelle (*Verba* 17, 1981).
18. Vid. escolmas do conto popular galego como a do Centro de Estudios Fingoy *Contos populares da provincia de Lugo* (1972 [1963]. Vigo: Galaxia) e a realizada por H. Harguindegay e M. Barrio *Antoloxía do conto popular galego* (1994. Vigo: Galaxia).
19. Unter den eigentlichen phraseologischen Universalien sind die inneren Gesetzmäßigkeiten des phraseologischen Systems zu verstehen, darunter die für die Phraseologie relevanten Korrelationen zwischen bestimmten sprachsysteminternen Merkmalen, vor allem zwischen der Aufbauspezifik des phraseologischen Systems und den Besonderheiten anderer, in bezug auf die Phraseologie «primärer», «tieferliegender» Subsysteme der Sprache. (Dobrovolskij 1998:211-212) [Enténdense por universais fraseolóxicos propriamente ditos as regularidades internas do sistema fraseolóxico, entre elas as correlacións relevantes para a fraseoloxía que se establecen entre determinadas características lingüísticas, especialmente entre os mecanismos específicos do sistema fraseolóxico para formar unidades e as particularidades doutros subsistemas lingüísticos «primarios» e «subxacentes» á fraseoloxía. (A tradución é miña)].